

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E CAMIÑO ESCENA NORTE AIE PARA O DESENVOLVEMENTO EN GALICIA DO PROGRAMA DE INTERCAMBIO CULTURAL "CAMIÑO ESCENA NORTE"

Santiago de Compostela, 30 de xullo de 2019

COMPARECEN

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo Agadic), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra **María Belén García Pichel**, administradora solidaria de **Camiño Escena Norte AIE**, con CIF V95958914, con sede en Calle Langarán, 3, 48004 Bilbao (Bizkaia), con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido na documentación achegada.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A Axencia Galega das Industrias Culturais, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.1.b) da Lei 4/2008), así como contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos, impulsando plans formativos acordes coas necesidades profesionais das empresas do sector (artigo 5.1.d) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

SEGUNDO. Que Camiño Escena Norte é unha agrupación de interese económico con personalidade xurídica e carácter mercantil constituída, segundo os seus estatutos, para organizar, xestionar e producir o proxecto "Camiño Escena Norte", xa sexa de maneira unipersoal ou en colaboración con outras entidades, así como a xestión dos dereitos de propiedade intelectual e industrial que se deriven, e que engloba as entidades Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación de Empresas de Teatro y Danza de Asturias (Escena Asturias), Asociación Cántabra de Empresas Productoras de Artes Escénicas (ACEPAE) e Empresas de Producción Escénica Asociadas de Euskadi (ESKENA).

TERCEIRO. Camiño Escena Norte é un proxecto froito da unión estratéxica das asociacións profesionais de produción escénica das comunidades do norte polas que transcorre o Camiño do Norte: Galicia, Asturias, Cantabria e País Vasco, que aglutinan a un centenar de compañías produtoras de teatro, títeres, danza e novo circo reflexo da enorme calidade, variedade e diversidade das artes escénicas galegas, asturianas, cántabras e vascas.

Camiño Escena Norte artículase ao redor dun itinerario de intercambio cultural entre estas comunidades ofrecendo un "camiño escénico" dende o que amosar a diversidade cultural, lingüística e de formatos e linguaxes escénicas da produción escénica galega, asturiana, cántabra e vasca. Un proxecto que suma á súa vertente cultural a dinamización social e turística e de intercambio entre as catro comunidades autónomas participantes, cunha intensa programación escénica que pretende ademais multiplicar as posibilidades de relación co público con actividades de encontro e reflexión, de creación ou de participación. Entre setembro e outubro, un itinerario de funcións de teatro, danza, monicreques e novo circo percorrerán os catro territorios, complementada cunha extensa programación expandida coa intención de mostrar o mellor das artes escénicas de cada un dos territorios participantes.

Galicia súmase a este programa de intercambio cultural acollendo un itinerario de funcións do mellor das artes escénicas asturianas, cántabras e vascas e cun programa de residencias e acollida a compañías deses territorios para explorar as posibilidades de futuras coproducións, realizar intercambios de formación e coñecer a realidade profesional doutros creadores.

CUARTO. Que a Agadic e a entidade consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2019 que profundicen na promoción e potenciación do sector teatral a través da colaboración neste evento, que destaca pola súa aposta por acadar unha maior interacción entre profesionais e público dos distintos territorios que atravesa a ruta histórica do Camiño do Norte, que debe derivar, de certo, nunha maior riqueza na oferta cultural para os espectadores, que poden ter acceso, así, a producións escénicas doutros territorios, e enriquecendo deste xeito a proposta cultural do Camiño á vez que o potencia como destino turístico-cultural.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura do presente convenio de colaboración, consonte coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento do programa Camiño Escena Norte en Galicia, que se concreta na programación de oito funcións de compañías de artes escénicas procedentes de Asturias, Cantabria e País Vasco, baixo a denominación "Itinerario Constelacións", que se poderán ver en diferentes espazos escénicos galegos dende o 22 de setembro ao 13 de outubro de 2019, e a realización, baixo a denominación de "Habitación Peregrina PRO" da residencia artística que o Salón Teatro de Santiago de Compostela acollerá, entre o 1 e o 8 de setembro, coa participación da compañía galega Urdime e a asturiana El Callejón del Gato, dentro da programación expandida con que se complementa o programa.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO PROXECTO

O prazo previsto para o desenvolvemento e a realización do proxecto estenderase dende a sinatura deste convenio ata o prazo máximo de vixencia nel establecido.

TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DO PROXECTO E OBRIGAS DAS PARTES

A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas por Camiño Escena Norte nun proceso de colaboración continua coa Agadic. A estes efectos, e no ámbito da comisión mixta de seguimento á que se refire a cláusula sexta deste convenio, ambas as entidades manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo nun proceso de colaboración mutua entre ambas.

No ámbito deste convenio, serán obrigas de Camiño Escena Norte a dirección artística do proxecto e a selección dos espectáculos programados baixo criterios de calidade, diversidade de linguaxes e estéticas e valor cultural.

Ambas entidades, a través dos seus representantes, asistirán a todos os actos públicos de presentación e difusión das actividades conveniadas, co obxecto de incidir nunha maior difusión e promoción do proxecto.

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da mutua colaboración así como a empregar os logotipos de ambas as entidades. Camiño Escena Norte comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa da **Agadic, do Xacobeo 2021 e da Xunta de Galicia**, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio. Da mesma maneira, en todos os actos de comunicación pública que se realicen débese facer constar expresamente a **colaboración da Agadic (Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia)**, no desenvolvemento das actividades conveniadas.



Camiño Escena Norte comprométese, ademais, a aplicar a achega económica prevista na cláusula sétima ás actividades obxecto do convenio e a realizar as actividades que lle son propias segundo o establecido na lexislación vixente.

Para as actuacións levadas a cabo no Salón Teatro, Camiño Escena Norte está obrigada a:

- O uso do Salón Teatro farase como cesión temporal do espazo para o fin específico da residencia artística que levarán a cabo a compañía galega Urdime e a asturiana El Callejón del Gato entre os días 1 a 8 de setembro de 2019. Cederase, así mesmo, o Salón Teatro para a representación da obra *Como ceniza blanca sobre una hoguera*, da compañía asturiana La Tejedora de Sueños, o venres 11 de outubro de 2019; e como espazo alternativo para a representación da obra *Sagartu*, da compañía vasca Hika Teatroa, o domingo 13 de outubro, en caso de que por causas meteorolóxicas esta non puidese levarse a cabo na Praza da Quintana de Santiago de Compostela, lugar inicialmente previsto para a función.

- As persoas participantes non terán ningunha relación laboral nin de servizos coa Agadic. A Agadic é allea a calquera tipo de relación entre Camiño Escena Norte e terceiros (artistas, organizadores, intermediarios, medios de comunicación, persoal auxiliar...), recoñecendo aquela a falta de responsabilidade da Agadic por calquera feito, contrato, acto, suceso, acontecemento ou reclamación que se puidese derivar por motivo directo ou indirecto respecto ás actividades programadas, as súas celebracións e as súas consecuencias.

- Todas as persoas participantes terán contrato laboral ou artístico cos promotores do evento. Estarán dadas de alta na Seguridade Social e contarán coa cobertura que cubra as posibles continxencias relativas a accidentes laborais, cumprindo, así mesmo, en todo momento a lexislación laboral vixente, de seguridade social e prevención de riscos aplicable.

- Deberán contar cunha póliza de responsabilidade civil sobre as actividades a desenvolver e que responderá de danos a terceiros, ao persoal ou inmobles e equipamento propiedade da Agadic. A entidade comprométese a manter as dependencias no mesmo estado no que se lles entregue; noutro caso estarán obrigadas a satisfacer o importe de todos os danos ocasionados con motivo da súa utilización indebida ou non imputable ao uso normal do teatro.

- A manipulación do equipamento do Salón Teatro deberá levarse a cabo sempre baixo a supervisión do persoal propio do recinto. Adaptaranse os horarios do persoal do Salón Teatro ás necesidades das actividades sempre e cando as compañías contén so seu propio responsable técnico, e será o persoal do Salón Teatro quen estableza os tempos de montaxe, prestando apoio especializado no mesmo, e os tempos de traballo/ensaio, durante os que as compañías disporán dunha persoa de garda para a apertura de portas, encendido de luces e equipos.

- Deben estar en posesión das correspondentes autorizacións e será responsabilidade da entidade a xestión a autorización de todos os dereitos de autor, royalties ou calquera outro concepto derivado dos dereitos de propiedade intelectual dos espectáculos e así como calquera outra obriga derivada da Lei de Propiedade Intelectual, sendo responsable de calquera sanción que se lle puidese impoñer por tales conceptos. A Agadic queda eximida de calquera pagamento por estes conceptos.

- O acordo para a realización das actividades no Salón Teatro quedará sen efecto e anulado, e non dará dereito a reclamación de ningún tipo, no caso de incumprimento por causas de forza maior establecidas legalmente. Para estes efectos, considéranse casos de forza maior as catástrofes naturais, actos de terrorismo que afecten ao normal desenvolvemento das actividades, orde da autoridade competente que non permita o uso do local onde deban celebrarse as actuacións, folgas, loito nacional e avarías que afecten ao servizo ou subministración eléctrica.

CUARTA.-SEGUIMIENTO DO PROXECTO

A Agadic nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio, que será, así mesmo, o encargado da recepción da documentación sobre a marcha do programa.

QUINTA.- PRESENTACIÓN DO PROXECTO

Camiño Escena Norte informará ao interlocutor designado pola Agadic periodicamente sobre a marcha das actividades realizadas ao longo do programa. O proxecto de actuacións responderá ao previsto no programa de actividades.

SEXTA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte de Camiño Escena Norte actuará como responsable desta comisión María Belén García Pichel ou persoa que designe en substitución.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Para a realización conxunta do programa de actividades conveniadas, a Agadic comprométese a achegarlle a Camiño Escena Norte a cantidade de **38.700 (trinta e oito mil setecentos) euros, impostos incluídos**, para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 11.A1.432.B.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019.

Se por calquera circunstancia as actividades obxecto do presente convenio non foran realizadas ou non se axustaran ao plan previsto, Camiño Escena Norte quedará obrigada á devolución das cantidades percibidas.

O pagamento por parte da Agadic efectuarase en tres fases:

50% tras a sinatura do convenio, co obxecto de financiar as fases preparatorias das actividades conveniadas. Para iso, a entidade **debe facer entrega dun escrito acreditativo** de que xa se leva realizado tal porcentaxe de preparación do proxecto.

- **25%** durante o mes de **setembro**, co obxecto de seguir avanzando no financiamento das seguintes fases do proxecto. Para iso, a entidade **debe facer entrega dun informe explicativo** sobre o desenvolvemento e grao de execución do proxecto.

- **25%** unha vez rematadas as actividades, e levarase a cabo unha vez xustificado o orzamento total da actividade presentado no proxecto económico (**44.806**), que debe facerse coa entrega, antes da data de remate de vixencia do convenio estipulada na cláusula décimo segunda, da seguinte documentación:

1. Memoria descriptiva das actividades desenvolvidas, con indicación das posibles modificacións con respecto ao proxecto inicial presentado para a firma do convenio e das súas causas e incidencias.

2. Relación clasificada dos gastos segundo as partidas especificadas na memoria económica presentada para a firma do convenio. Esta relación clasificada de gastos deberá conter con carácter xeral: identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe.

3. Memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades: desviacións ou variacións económicas habidas con respecto ás partidas inicialmente presupostadas no proxecto económico presentado para a firma do convenio, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente na memoria; en caso de gastos relativos a aloxamento, mantenza, viaxes, traslados..., de ser o caso, débese especificar nesta memoria a relación de persoas ás que se refiren os gastos e da súa relación coa actividade conveniada; e todas aquelas cuestións que se considere precisen explicación.

4. Xustificantes de gasto por importe da totalidade da actividade (44.806 euros), que deberán estar debidamente cubertos e farán referencia ás actividades obxecto do convenio detalladas no proxecto de actividades e proxecto económico presentados no momento da sinatura do convenio. Estes xustificantes de gasto deben vir acompañados **dos xustificantes bancarios dos pagamentos** (transferencia bancaria, certificación bancaria, extracto de pagamento, movementos de tarxeta de crédito, etc.).

5. Copia do material de difusión do evento no que consten os logotipos indicados na cláusula terceira.



Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por provedor, **non supere os 300 euros**. Neste caso, o pagamento xustificárase mediante a factura asinada e selada polo provedor en que figure a expresión "recibín en metálico".

Canto á forma de presentación, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deben entregarse clasificados segundo os apartados da relación clasificada de gastos presentada.



A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia accedendo á carpeta do cidadán <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Para os efectos deste convenio, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao período de finalización da vixencia do convenio.

Non se considerarán xustificadas aqueles gastos que non cumpran o establecido nos parágrafos precedentes.

Se o gasto finalmente xustificado por parte da entidade fose menor ao custe da actividade presentado no proxecto económico para a firma do convenio (**44.806 euros**), o importe da achega por parte da Agadic minorárase de xeito proporcional.

A totalidade do importe achegado pola Agadic está destinado a cubrir os custos das actividades conveniadas, segundo a memoria presentada, sen que haxa beneficio económico de ningún tipo por

parte de Camiño Escena Norte, e en ningún caso existirá ánimo de lucro xerado polas actividades desenvolvidas nin beneficio industrial ningún.

Camiño Escena Norte ten a obriga de someterse ás accións de comprobación que realice a Xunta de Galicia, así como prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia.

OITAVA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e de Camiño Escena Norte. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e ambas as partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas as partes comprométense a facer mención expresa deste convenio. En calquera caso Camiño Escena Norte poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

NOVENA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Agadic, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA.- TRANSPARENCIA

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, Camiño Escena Norte acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA: MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESCISIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar este convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas

contraídas no mesmo. En tal caso as partes realizaranse entre elas os pagos e reintegros que procedan en relación cos gastos efectivamente executados por Camiño Escena Norte, debidamente xustificadas como se recolle na cláusula sétima, ou aqueles compromisos firmes adquiridos con terceiros, debidamente acreditados.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o **10 de decembro de 2019**.

DÉCIMO TERCEIRA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración, e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Ambas as partes asumen as obrigas que lles corresponden derivadas do Regulamento xeral de Protección de datos (Regulamento UE 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello).

O responsable do tratamento é a Axencia Galega das Industrias Culturais e a finalidade do tratamento son as actividades necesarias para xestionar o presente convenio. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en calquera das Oficinas de rexistro e información propias da Xunta de Galicia segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto delegado de protección de datos e información adicional: <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO QUINTA.- RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións e, así mesmo, polo disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaránse os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen



**XUNTA
DE GALICIA**

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal



Axencia Galega das
Industrias Culturais



presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa aplicable e vixente na materia.

DÉCIMO SEXTA.- XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan na data do encabezamento

POLA AGADIC



Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic

POR CAMIÑO ESCENA NORTE AIE

María Belén García Pichel
Administradora



Xacobeo 2021